

4. sector público e benestar social

comunidade autónoma

cobertura e financiamento

prestacións económicas

prestacións sanitarias e sociais

educación

outros indicadores de benestar

4.1. comunidade autónoma

OS ORZAMENTOS DA COMUNIDADE Autónoma do ano 2003 teñen como referencia, respecto á planificación de obxectivos e liñas de actuación, o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) para o período 2000-2006.

No ámbito dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2003 intégranse os orzamentos da súa Administración Xeral, dos seus Organismos Autónomos e das súas Sociedades Públicas. Entre os entes públicos figura por primeira vez a Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia, adscrita á Consellería de Sanidade (**cadro 4.1.1**).

O sistema financeiro

No ano 2003 segue a aplicarse o novo modelo financeiro que ten como marco normativo a Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, LOFCA, modificada pola Lei orgánica 7/2002, do 27 de decembro. A Lei 18/2003, do 1 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á

4.1.1.

Ámbito dos Presupostos Xerais da C.A. de Galicia 2003

Administración Xeral	Administración Institucional		
Seccións	Organismos Autónomos		Sociedades Públicas
	Administrativos	Comerciais, industriais e financeiros	Entes públicos Sociedades mercantís
Parlamento Consello de Contas Consello da Cultura Galega			
Presidencia, Relacións Institucionais e Admón. Pública	EGAP		S.A. de Desenvolvemento Comarcal S.A. Centro Supercomput. de Galicia
Economía e Facenda	IGE	CES IGAPE CIXTEC	CEEI Galicia, S.A SODIGA SPI Galicia S.A. XES Galicia S.A
Política Territorial, O.P. e Vivenda		IGVS	Portos de Galicia Obras e Serv. Hidráulicos Xestur Coruña, S.A. Xestur Lugo, S.A. Xestur Ourense, S.A. Xestur Pontevedra, S.A.
Educación e Ord. Universitaria			
Industria e Comercio	IGC		Instituto Enerxético de Galicia Galicia Calidade, S.A.
Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural		FOGGA	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural Xenética Fontao, S.A.
Cultura, Comunicación Social e Turismo		IGAEM	CRTVG F. Cidade da Cultura de Galicia TVG.S.A. RTVG, S.A. S.A. Xestión Xacobeo S.I.P.T.-Galicia S.A Retegal, S.A
Sanidade	Sergas		Medtec, S.A.
		Hospital de Verín I.G. Oftalmoloxía Hospital Virxe da Xunqueira Hospital A Barbanza Escola Galega de Admón. Sanitaria F.P.G.I. Saúde F.P. Urxencias Sanit. Galicia F.P. H.C. Do Salnés F.P.C. Transfusión	
Pesca e Asuntos Marítimos			
Xustiza, Interior e Relacións Laborais	AGS		
Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude	SGPIHM		
Medio Ambiente	Augas de Galicia		Sogama, S.A.
Asuntos Sociais			
Emigración e Coop. Exterior			
Consello Consultivo de Galicia			
Transferencias a CC.LL.			
Débeda Pública			
Gastos diversas Consellerías			

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

Comunidade Autónoma de Galicia e de fixación do alcance e condicións da dita cesión adecua-lo contido da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia ó novo réxime xeral de tributos cedidos que se recollen na Lei 21/2002, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e as cidades con estatuto de autonomía.

Con este novo modelo, no ano 2003, a **capacidade de autofinanciamento** da Comunidade Autónoma acada o 40% do total dos seus ingresos non financeiros. O 30,5% do total dos seus recursos propios corresponden o IVE (35%) e o 23% o IRPF (33%).

A Comunidade Autónoma segue a depender das transferencias de recursos alleos nun 60%. Dentro do bloque de recursos proveniente do Estado, o **Fondo**

4.1.2.

Capacidade de autofinanciamento de Galicia 2002-03

	2002		2003	
	importe (en miles de €)	(%)	importe (en miles de €)	(%)
Recursos propios	2.765.889	39,6	2.936.319	40,0
Tributos propios	30.003	0,4	35.890	0,5
Tributos cedidos	2.556.419	36,6	2.700.586	36,8
Patrimonio, Sucesión, Doazóns, Transmisións Patrimoniais, Actos Xurídicos e Taxa sobre xogo	497.951	7,1	524.331	7,1
IRPF (33%)	647.237	9,3	677.150	9,2
IVE (35%)	846.231	12,1	895.701	12,2
I.I.E.E. (40%)	391.998	5,6	417.636	5,7
Electricidade (100%)	55.668	0,8	60.454	0,8
Medios de transporte (100%)	70.684	1,0	71.205	1,0
Minorista de hidrocarburos	46.650	0,7	54.109	0,7
Taxas	100.270	1,4	108.354	1,5
Ingresos patrimoniais	11.062	0,2	13.385	0,2
Alieamento de investimentos reais	68.135	1,0	78.104	1,1
Transferencias	4.213.664	60,4	4.398.442	60,0
Participación nos ingresos do Estado	-	-	-	-
Fondo de suficiencia	2.556.324	36,6	2.650.103	36,1
Liquidação. Exercicios anteriores	102.343	1,5	115.482	1,6
Programa Aforro I.T.	19.214	0,3	14.300	0,2
INSALUD	-	-	-	-
Transferencias correntes finalistas	724.435	10,4	755.327	10,3
Transferencias de capital finalistas	64.472	0,9	68.188	0,9
FCI	140.595	2,0	155.274	2,1
Fondos Europeos	511.166	7,3	550.027	7,5
Outros	95.115	1,4	89.741	1,2
Total ingresos non financeiros	6.979.553	100	7.334.761	100

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

de Suficiencia, que ten unha función equilibradora e solidaria, e cubre a diferenza entre as necesidades de gasto dos tres bloques de competencias da Comunidade Autónoma e os recursos financeiros obtidos polos tributos cedidos, acada o 61,4% de ditas transferencias. Dada a súa función complementaria, a evolución deste fondo está suxeita á evolución dos ingresos tributarios do Estado, que se corresponde coa parte non cedida do IRPF, do IVE e dos impostos especiais (**cadro 4.1.2.**).

A conta financeira

O orzamento consolidado (Administración Xeral e mailos seus Organismos Autónomos) da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003 ascendeu a 7.749.074 miles de euros, un 7,7% superior ó do ano 2002, o que representa o 21,1% do VEB galego a prezos básicos (prezos correntes) [fonte: IGE] e supón 2.829 euros/habitante. En termos comparativos, o orzamento consolidado da Comunidade Autónoma de Galicia repre-

senta o 7,1% do total dos orzamentos consolidados de tódalas comunidades autónomas e, en termos de euros/habitantes é un 5,7% superior á media do Estado.

A estimación dos ingresos non financeiros no 2003 sitúase en 7.334.761 miles de euros, cunha variación respecto ó 2002 do 5,1%, mentres que a estimación dos gastos non financeiros ascende a 7.241.372 miles de euros, o que supón unha variación do 5% respecto ó 2002. O gasto en atencións financeiras acadou os 507.702 miles de euros. O aforro por operacións correntes acadou os 1.021.890 miles de euros, o que supón un 8,2% de incremento respecto ó exercicio anterior. O déficit por operacións de capital ascendeu a 928.501 miles de euros, o que representa un 7,5% de incremento sobre o exercicio anterior.

Igual que o ano anterior, estímase unha situación inicial de capacidade de financiamento, que se cifra en 93.389 miles de euros, e sen endebedamento neto. Todo o endebedamento bruto (413.649

miles de euros) aplícase á amortización da débeda.

Os gastos por operacións non financeiras de capital acadaron os 1.713.514 miles de euros, un 8,2% superior ó ano anterior, equivalente ó 4,7% do VEB galego a prezos básicos, prezos correntes (fonte: *IGE*).

A cobertura das operacións de capital polo aforro neto, segundo a ratio: “(aforro por operacións correntes–endebedamento neto)/gastos por operacións de capital”, mantense no 59,6%, no exercicio de 2003.

A carga financeira da débeda pública nos orzamentos de 2003 situouse en 565.781 miles de euros, 152.133 miles de euros de gastos financeiros e 413.648 miles de euros de amortización da débeda. A carga financeira que supuxo o 8,6% dos ingresos correntes presupostados, aumentando un 55,5% (201.620 miles de euros) respecto do ano anterior (**cadro C.4.1. Conta financeira da Comunidade Autónoma. 2002-03**).

En termos de caixa, os ingresos non financeiros da Administración Xeral acadaron, a 31 de decembro de 2003, os 7.235,8 millóns de euros, un 4,3% máis que o ano anterior. Os pagos non financeiros ascenderon a 7.175,6 millóns de euros, un 4,2% máis que o ano anterior.

O orzamento da Administración Xeral

O orzamento de ingresos da Administración Xeral estímase en 7.510.294 miles de euros, cun incremento nominal do 7,5% sobre o exercicio anterior. Os ingresos non financeiros aumentan un 4,8% e os ingresos financeiros aumentan nun 90,7% respecto do ano anterior, debido principalmente o incremento do 96,1% das atencións a pasivos financeiros.

Dentro do capítulo dos ingresos por impostos directos, cómpre destacar que a estimación dos ingresos polo concepto de IRPF cedido acadan os 677.150 miles de euros, cun incremento do 4,6% (29.913 miles de euros) respecto do ano anterior.

No capítulo de Impostos Indirectos, destacan as estimacións de ingresos nos conceptos do IVE, con 895.701 miles de euros, e nos impostos especiais, con 549.295 miles de euros, que reflicten un incremento do 5,8% e do 6%, respectivamente, sobre o ano 2002.

Dentro do capítulo dos ingresos por transferencias correntes, salientan os ingresos polo concepto de Fondo de Suficiencia, que acadan os 2.650.103 miles de euros, cun incremento do 3,7% respecto ó ano anterior, o que supón o 73,7% sobre o total do capítulo de transferencias correntes. Dentro deste capítulo figuran 66.580 miles de euros correspondentes ó concepto de Fondo Social Europeo, cun aumento do 2% (1.304 miles de euros) respecto ó ano anterior.

No capítulo de transferencias de capital cabe destaca-los 155.274 miles de euros, do concepto do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), cun incremento de 14.674 miles de euros respecto ó ano anterior, o que representa o 16,2% da dotación total do FCI para o ano 2003, por riba da participación de Galicia, no ano 2002, que foi do 15,7% (**cadro 4.1.3**). O FCI acada para a Comunidade Autónoma un importe, per cápita, de 57,2 euros, por riba da media (40,6 euros per cápita) das comunidades autónomas que participan en ditos fondos.

As transferencias de capital dos Fondos Europeos, no ano 2003, evolucionaron do seguinte xeito:

- As transferencias estimadas do FEDER P.O., acadan os 172.686 miles de

4.1.3.

Fondo de Compensación Interterritorial nas CC.AA. 2003

	Fondo de compensación	Fondo complementario	Total	03/02	
	(en miles de €)		(%)	(%)	
Andalucía	283.161,1	94.387,0	377.548,2	39,5	4,7
Asturias	31.928,1	10.642,7	42.570,9	4,5	13,3
Canarias	31.180,1	10.393,4	41.573,4	4,3	22,1
Cantabria	7.149,3	2.383,1	9.532,3	1,0	3,6
Castela e León	51.131,6	17.043,9	68.175,5	7,1	11,3
Castela - A Mancha	53.827,6	17.942,5	71.770,1	7,5	5,4
C. Valenciana	43.551,9	14.517,3	58.069,1	6,1	2,0
Extremadura	57.426,9	19.142,3	76.569,2	8,0	4,4
Galicia	116.455,9	38.818,6	155.274,5	16,2	10,4
Murcia	29.937,9	9.979,3	39.917,3	4,2	3,3
Ceuta	5.540,1	1.846,5	7.386,7	0,8	6,8
Meiilla	5.540,1	1.846,5	7.386,7	0,8	6,8
Total	716.830,6	238.943,2	955.773,7	100	6,8

Fonte: Ministerio de Administraciones Públicas, Informe Económico-Financiero de las Administraciones Territoriales 2002

4.1.4.

Presuposto de ingresos e gastos da Administración Xeral da C.A. 2002-03: distribución económica

Capítulos	2002	2003	03/02		Valor relativo	
			importe	(%)	2002	2003
Ingresos						
	(en miles de €)		(%)			
I Impostos directos	800.603	822.702	22.099	2,8	11,5	11,0
II Impostos indirectos	1.700.475	1.824.354	123.879	7,3	24,3	24,3
III Taxas, prezos e outros ingresos	145.415	150.513	5.098	3,5	2,1	2,0
IV Transferencias correntes	3.480.032	3.591.589	111.557	3,2	49,8	47,8
V Ingresos patrimoniais	9.466	11.500	2.034	21,5	0,1	0,2
Total Operacións Correntes	6.135.991	6.400.658	264.667	4,3	87,8	85,2
VI Alleamento de investimentos reais	601,0	700,0	99	16,5	0,0	0,0
VII Transferencias de capital	635.542	695.278	59.736	9,4	9,1	9,3
Total Ingresos non Financeiros	6.772.134	7.096.636	324.502	4,8	96,9	94,5
VIII Activos financeiros	6.010	10	-6.000	-99,8	0,1	0,0
IX Pasivos financeiros	210.948	413.648	202.700	96,1	3,0	5,5
Total Ingresos Financeiros	216.958	413.658	196.700	90,7	3,1	5,5
Total Operacións de Capital	853.101	1.109.636	256.535	30,1	12,2	14,8
Total	6.989.092	7.510.294	521.202	7,5	100	100
Gastos						
	(en miles de €)		(%)			
I Gastos de persoal	1.385.360	1.443.757	58.397	4,2	19,8	19,2
II Gastos en bens correntes e servizos	288.045	303.635	15.590	5,4	4,1	4,0
III Gastos financeiros	155.281	153.577	-1.704	-1,1	2,2	2,0
IV Transferencias correntes	3.430.065	3.566.748	136.683	4,0	49,1	47,5
Total Operacións Correntes	5.258.751	5.467.717	208.966	4,0	75,2	72,8
VI Inversións reais	584.117	643.703	59.586	10,2	8,4	8,6
VII Transferencias de capital	850.990	893.873	42.883	5,0	12,2	11,9
Total operacións non financeiras de capital	1.435.107	1.537.576	102.469	7,1	20,5	20,5
Total Gastos non Financeiros	6.693.858	7.005.293	311.435	4,7	95,8	93,3
VIII Activos financeiros	84.284	91.353	7.069	8,4	1,2	1,2
IX Pasivos financeiros	210.948	413.648	202.700	96,1	3,0	5,5
Total operacións financeiras de capital	295.232	505.001	209.769	71,1	4,2	6,7
Total Gastos Financeiros	295.232	505.001	209.769	71,1	4,2	6,7
Total Operacións de Capital	1.730.339	2.042.577	312.238	18,0	24,8	27,2
Total	6.989.090	7.510.294	521.204	7,5	100	100

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

euros, un 1,9% (3.257 miles de euros) máis que o ano anterior.

- As transferencias estimadas do FEOGA acadan os 178.784 miles de euros (56.143 miles de euros, na sección garantía e 122.640 miles de euros, na sección, un 6% (10.199 miles de euros) máis que o ano anterior.

- As transferencias estimadas do IFOP acadan os 77.009 miles de euros, un 0,1% menos que o ano anterior.

- As transferencias estimadas do Fondo de Cohesión acadan uns ingresos de 41.236 miles de euros, un 33,8% (10.421 miles de euros) máis que o ano anterior.

Os dereitos recoñecidos netos no orzamento de ingresos da Administración xeral, a 31 de decembro de 2003, acadaron os 7.734,5 millóns de euros, un 3% máis da previsión inicial e un 7,1% máis que no exercicio anterior.

O orzamento de gastos da Administración Xeral para 2003 ascendeu a 7.510.294 miles de euros, cun incremento nominal do 7,5% (521.203 miles de euros) respecto ó exercicio anterior. O incremento das operacións correntes foi do 4% (208.966 miles de euros) e a medra das operacións non financeiras de capital foi do 7,1% (102.469 miles de euros), tal como reflicte a súa distribución económica no **cadro 4.1.4**.

Dentro das operacións non financeiras de capital, as transferencias de capital acadan os 893.873 miles de euros, un 5% máis que no exercicio anterior, e os investimentos reais acadan os 643.703 miles de euros, un 10,2% máis que no exercicio de 2002.

As obrigas recoñecidas, a 31 de decembro de 2003, acadaron os 7.798,7 millóns de euros, un 93,6% sobre o orzamento vixente a dita data (8.836,4 millóns de euros). As obrigas recoñecidas por ope-

racións de capital acadaron os 1.605,8 millóns de euros, un 77,2% sobre o seu orzamento vixente a dita data (2.080,9 millóns de euros), 2,2 puntos máis que o ano anterior. As obrigas recoñecidas por transferencias correntes acadaron o 99,1% do seu orzamento.

As modificacións de crédito do exercicio acadaron os 816,1 millóns de euros (un 10,8% dos créditos iniciais), 1,2 puntos máis que no ano 2002. Un 41,5% destas modificacións corresponderon a transferencias de capital, un 25,8%, a transferencias correntes e un 25,1%, a investimentos reais.

O orzamento dos organismos autónomos

O orzamento dos **organismos autónomos administrativos** acada en 2003 os 2.436.616 miles de euros, un 5,6% máis que en 2002.

O devandito incremento é debido, fundamentalmente, ó Servicio Galego de Saúde, cunha previsión de ingresos e autorización de gastos para 2003 que ascendeu a 2.320.017 miles de euros, un 5,2% superior ás previsións iniciais do ano anterior. Augas de Galicia, cunha previsión de ingresos e autorización de gastos para 2003 de 93.950 miles de euros, é o segundo organismo autónomo administrativo cun orzamento maior.

As operacións de capital dos organismos autónomos administrativos (capítulos VI e VII) acadaron o 8% (194.349 miles de euros) do total presupostado, cun aumento de 40.270 miles de euros respecto ó ano anterior (**cadro 4.1.5**).

O orzamento dos **organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos** acada os 190.837 miles de euros, un 4,8% mais que no ano anterior.

4.1.5.

Presuposto de ingresos e gastos dos Organismos Autónomos administrativos 2003

	Ingresos								
	I	II	III	IV	Capítulos			Total	
					V	VI	VII	VIII	
					<i>(en miles de €)</i>				
Escola Galega de Admón. Pública	-	-	-	2.552	-	-	61	-	2.613
Instituto Galego de Estadística	-	-	-	2.648	-	-	1.964	-	4.612
Augas de Galicia	-	11.742	2.058	2.784	90	-	77.276	-	93.950
Instituto Galego de Consumo	-	-	80	3.809	12	-	1.249	-	5.150
Servicio Galego de Saúde	-	-	32.816	2.261.304	-	-	25.272	625	2.320.017
Academia Galega de Seguridade	-	-	-	1.699	-	-	-	-	1.699
Serv. Galego Promoción Igualad. H-M	-	-	-	8.575	-	-	-	-	8.575
Total	-	11.742	34.954	2.283.371	102	-	105.822	625	2.436.616

	Gastos								
	I	II	III	IV	Capítulos			Total	
					V	VI	VII	VIII	
					<i>(en miles de €)</i>				
Escola Galega de Admón. Pública	775	1.632	-	127	-	79	-	-	2.613
Instituto Galego de Estadística	2.223	378	-	45	-	1.964	-	-	4.612
Augas de Galicia	4.025	1.128	-	-	-	22.290	66.507	-	93.950
Instituto Galego de Consumo	2.984	311	-	607	-	1.008	240	-	5.150
Servicio Galego de Saúde	973.348	545.226	-	698.557	-	101.168	1.093	625	2.320.017
Academia Galega de Seguridade	606	1.093	-	-	-	-	-	-	1.699
Serv. Galego Promoción Igualad. H-M	713	733	-	7.129	-	-	-	-	8.575
Total	984.676	550.501	-	706.465	-	126.509	67.840	625	2.436.616

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

4.1.6.

Presuposto de ingresos e gastos dos Organismos Autónomos comerciais, industriais, financeiros e análogos 2003

	Capítulos								Total	
	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII		
Ingresos										
					<i>(en miles de €)</i>					
Inst. Galego de Vivenda e Solo	-	-	565	6.872	1.188	77.404	63.784	30	149.843	
Inst. Lacteo Gandeiro de Galicia	-	-	-	4.526	174	-	29.059	-	33.759	
Inst. Galego de Artes Escenicais e Musicais	-	-	-	2.369	421	-	4.445	-	7.235	
Total	-	-	565	13.767	1.783	77.404	97.288	30	190.837	
Gastos										
					<i>(en miles de €)</i>					
Inst. Galego de Vivenda e Solo	6.118	1.741	679	87	-	71.419	67.723	2.076	149.843	
Inst. Lacteo Gandeiro de Galicia	3.921	599	-	180	-	2.765	26.294	-	33.759	
Inst. Galego de Artes Escenicais e Musicais	1.570	622	-	177	-	4.866	-	-	7.235	
Total	11.609	2.962	679	444	-	79.050	94.017	2.076	190.837	

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

4.1.7.

Presuposto consolidado de gastos da C.A. 2002-03: distribución funcional

Funcións	2002	2003	03/02		Valor relativo	
			importe	(%)	2002	2003
	(en miles de €)					
1 Servicios de carácter xeral	160.370	160.445	75	0,0	2,2	2,1
11 Alta dirección da Com. Autónoma	31.099	29.834	-1.265	-4,1	0,4	0,4
12 Administración Xeral	126.894	130.067	3.173	2,5	1,8	1,7
13 Administración electoral e part. Políticos	2.377	544	-1.833	-	0,0	0,0
2 Seguridade, protección e promoción social	457.600	485.312	27.712	6,1	6,4	6,3
21 Seguridade Social e protec. Social	258.571	281.852	23.281	9,0	3,6	3,6
23 Protección civil e seguridade	11.451	12.368	917	8,0	0,2	0,2
24 Promoción do emprego	187.578	191.092	3.514	1,9	2,6	2,5
3 Producción de bens públicos de carácter social	4.418.175	4.630.997	212.822	4,8	61,4	59,8
31 Sanidade	2.263.624	2.381.427	117.803	5,2	31,5	30,7
32 Educación	1.595.246	1.651.610	56.364	3,5	22,2	21,3
33 Vivenda e urbanismo	170.796	179.858	9.062	5,3	2,4	2,3
34 Benestar comunitario	134.244	152.016	17.772	13,2	1,9	2,0
35 Cultura	162.296	169.801	7.505	4,6	2,3	2,2
36 Outros servicios comunit. e sociais	91.969	96.285	4.316	4,7	1,3	1,2
4 Producción de bens públ. de carácter económico	445.043	458.420	13.377	3,0	6,2	5,9
41 Infraestruc.básicas e do transporte	251.024	258.868	7.844	3,1	3,5	3,3
42 Outras infraestructuras	125.766	129.790	4.024	3,2	1,7	1,7
43 Investigación científica, técnica e aplicada	62.983	64.016	1.033	1,6	0,9	0,8
44 Información estadística básica	5.270	5.746	476	9,0	0,1	0,1
5 Regulación económica de carácter xeral	110.681	121.068	10.387	9,4	1,5	1,6
51 Actuacións económicas xerais	41.325	56.128	14.803	35,8	0,6	0,7
52 Comercio	14.772	19.234	4.462	30,2	0,2	0,2
53 Actividades financeiras	54.584	45.706	-8.878	-16,3	0,8	0,6
6 Reordenación industrial e desenvolv. empresarial	369.796	416.536	46.740	12,6	5,1	5,4
61 Agricultura, gandería e pesca	254.565	295.616	41.051	16,1	3,5	3,8
62 Industria	11.723	9.841	-1.882	-16,1	0,2	0,1
63 Enerxía	18.511	21.209	2.698	14,6	0,3	0,3
64 Minería	1.710	1.180	-530	-7,0	0,0	0,0
65 Turismo	3.050	3.122	72	2,4	0,0	0,0
66 Industrialización e reordenación industrial	78.584	83.464	4.880	6,2	1,1	1,1
67 Desenvolvemento empresarial	1.653	2.104	451	266,7	0,0	0,0
7 Plan de crecemento e emprego	225.623	225.616	-7	0,0	3,1	2,9
71 Complexo agro-gandeiro	40.905	28.857	-12.048	-29,5	0,6	0,4
72 Complexo mar-industria	94.873	104.169	9.296	9,8	1,3	1,3
73 Complexo silvicultura-madeira	17.977	14.401	-3.576	-19,9	0,2	0,2
74 Complexos prioritarios do sector industrial	15.735	13.729	-2.006	-12,7	0,2	0,2
75 Complexo turismo, loxística e servizos a empresas	56.133	64.460	8.327	14,8	0,8	0,8
8 Transferencia a entidades locais	645.715	684.899	39.184	6,1	9,0	8,8
81 Transferencias a entidades locais	645.715	684.899	39.184	6,1	9,0	8,8
9 Débeda pública	364.161	565.781	201.620	55,4	5,1	7,3
91 Débeda pública	364.161	565.781	201.620	55,4	5,1	7,3
Total	7.197.164	7.749.074	551.910	7,7	100	100

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

As operacións de capital dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos (caps. VI e VII) supuxeron o 90,7% (173.067 miles de euros) do total presupostado, cun aumento de 9.672 miles de euros con respecto ó orzamento de 2002. Estes datos están reflectidos no **cadro 4.1.6**.

O orzamento consolidado

A través do orzamento consolidado pode apreciarse a dimensión real que os programas de gastos da Administración Xeral e dos organismos autónomos proxectan sobre a actividade económica e social de Galicia, unha vez eliminadas as transferencias internas entre os sectores

mencionados (fundamentalmente, capítulos IV e VII de gastos da Administración Xeral e capítulos IV e VII de ingresos dos organismos autónomos), que acadaron os 2.388.673 miles de euros.

O orzamento consolidado previsto para 2003 ascendeu a 7.749.074 miles de euros, cun incremento dun 7,7% (551.909 miles de euros) sobre os orzamentos estimados inicialmente do ano anterior.

Os ingresos por operacións correntes (6.549.748 miles de euros) experimentaron un incremento de 289.288 miles de euros, un 4,6% superior ó exercicio anterior. Os ingresos polo total das operacións de capital (1.199.326 miles de euros)

aumenta en 262.621 miles de euros, un 28% máis que o ano anterior. Este aumento ten a súa orixe, basicamente, nos ingresos procedentes dos pasivos financeiros, que aumentan un 96,1% (202.700 miles de euros), derivado dunha xestión mais eficiente do servizo da débeda (**cadro C.4.2. Orzamento consolidado da Comunidade Autónoma 2002-2003: distribución económica**).

Os gastos por operacións correntes (5.527.858 miles de euros) medran un 4% (211.897 miles de euros). As transferencias correntes experimentan un crecemento do 3,8% (75.371 miles de euros) e acadan os 2.076.462 miles de euros. A desagregación orgánica, por actuacións previstas e por orixe de fondos das transferencias correntes aparece nos **cadros 4.1.8., 4.1.11. e 4.1.12.**

Os gastos por operacións non financeiras de capital (1.713.514 miles de euros) aumentan, respecto o ano 2002, nun 8,2% (130.546 miles de euros) (**cadro C.4.2. Orzamento consolidado da Comunidade Autónoma 2002-2003: distribución económica**). Os investimentos reais aumentan respecto ó ano anterior un 13,2% (99.301 miles de euros) ata acadalos 849.262 miles de euros. As transferencias de capital medran un 3,8% (31.245 miles de euros), acadando os 864.252 miles de euros. A súa distribución orgánica, por actuacións previstas dos investimentos reais e a das transferencias de capital, aparece nos **cadros 4.1.9., 4.1.10. e 4.1.12.**

Dende o punto de vista da súa distribución funcional, a parte máis importante (90,7%) do orzamento consolidado repartiuse entre as seguintes funcións: Sanidade, o 30,7% (2.381.427 miles de euros); Educación, o 21,3% (1.651.610 miles de euros); Transferencia a entidades locais, o 8,8% (684.899 miles de euros); Débeda pública, o 7,3% (565.781 miles de euros);

Agricultura, Gandería e Pesca, o 3,8% (295.616 miles de euros); Seguridade Social e protección social, o 3,6% (281.852 miles de euros); Infraestructuras básicas e do transporte, o 3,3% (258.868 miles de euros); Plan de crecemento e emprego, o 2,9% (225.616 miles de euros); Promoción de Emprego, o 2,5% (191.092 miles de euros); Vivenda e Urbanismo, o 2,3% (179.858 miles de euros); Cultura, o 2,2% (169.801 miles de euros); e Benestar comunitario, o 2,0% (152.016 miles de euros). Este reparto recóllese no **cadro 4.1.7.**

As variacións cuantitativas, en termos absolutos, por grupos funcionais respecto ó ano 2002 son as seguintes: os Servizos de carácter xeral increméntanse en 75 miles de euros; Seguridade, protección e promoción social aumenta en 27.712 miles de euros; Produción de bens públicos de carácter social aumenta en 212.822 miles de euros; Produción de bens públicos de carácter económico increméntase en 13.377 miles de euros; Regulación económica de carácter xeral aumenta en 10.387 miles de euros; Reordenación industrial e desenvolvemento empresarial medra en 46.740 miles de euros; o Plan de crecemento e emprego mingúa en 7 miles de euros; as Transferencias a entidades locais aumentan en 39.184 miles de euros; e a Débeda pública aumenta en 201.620 miles de euros.

Análise das actuacións previstas

O 48,9% do orzamento consolidado (3.789.976 miles de euros) corresponde a actuacións previstas a realizar a través dos investimentos reais (849.262 miles de euros), as transferencias de capital (864.252 miles de euros) e as transferencias correntes (2.076.462 miles de euros) (**cadro 4.1.8.**).

Dos **investimentos reais da Admi-**

4.1.8.

**Transferencias correntes, investimentos reais e transferencias de capital da C.A. 2003:
distribución orgánica**

	Cap. IV	Cap. VI	Cap. VII
	<i>(en miles de €)</i>		
Administración Xeral	3.566.747,8	643.502,9	893.872,6
Parlamento	1.818,6	1.046,3	34,1
Consello de Contas	2,7	524,0	-
Consello da Cultura Galega	194,7	225,4	-
Presidencia REL. Instit. e Administ. Públ.	21.855,1	25.346,3	41.892,5
Economía e Facenda	16.557,4	7.492,2	73.514,6
Política Territorial O.P. e Vivenda	9.940,9	182.072,1	105.427,9
Educación e Ordenación Universitaria	396.001,2	94.816,7	19.754,3
Industria e Comercio	10.672,6	11.190,9	86.289,4
Política Agroalimentaria e Desenv. Rural	11.087,4	84.952,3	173.037,6
Cultura, Comunic. Social e Turismo	29.705,1	44.147,1	64.664,0
Sanidade	2.171.545,3	22.308,1	25.477,6
Pesca e Asuntos Marítimos	1.544,3	28.753,0	103.998,7
Xustiza, Interior e Relacións Laborais	12.966,3	16.766,0	6.706,7
Familia e Prom. do Emprego, Muller e Xuv.	189.413,1	9.932,2	6.761,4
Medio Ambiente	2.866,6	81.774,4	120.803,0
Asuntos sociais	55.957,2	7.401,6	5.061,8
Emigración e Cooperación exterior	6.200,1	583,8	3.968,9
Consello Consultivo de Galicia	-	151,1	-
Transferencias a CC.LL.	628.419,0	-	56.480,5
Débeda Pública	-	-	-
Gastos de Diversas Consellerías	-	24.019,5	-
Organismos Autónomos	706.908,8	205.559,0	161.857,7
Escola Galega de Administración Pública	127,1	79,0	-
Instituto Galego de Estatística	44,5	1.964,0	-
Instituto Galego de Consumo	607,0	1.008,4	240,4
Servicio Galego de Saúde	698.556,6	101.168,4	1.092,7
Academia Galega de Seguridade	-	-	-
Serv. Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller	7.129,2	-	-
Augas de Galicia	-	22.289,9	66.507,0
Instituto Galego de Vivenda e Solo	86,6	71.418,7	67.723,5
Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia	180,3	2.764,9	26.294,1
Instituto Galego de Artes Esc. e Musicais	177,4	4.865,7	-
Total orzamento bruto	4.273.656,6	849.061,9	1.055.730,3
Total transferencias internas	2.197.194,7	-	191.478,7
Total	2.076.461,9	849.061,9	864.251,6

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

